



BASES PARA O XXX FESTIVAL XOVES 30 DE MARZO DE 2023. AUDITORIO DE FERROL

1. Obxectivos do Festival.

- Fomentar a acción social de promoción da nosa lingua .
- Desenvolver liñas de dinamización sociocultural do colectivo xuvenil ligadas á presenza e uso do noso idioma.
- Sensibilizar á mocidade ferrolá na importancia de manter a nosa lingua como vehículo de expresión cultural
- Promover e dar a coñecer entre a nosa mocidade a aqueles grupos e persoas que están a desenvolver a súa actividade cultural tendo como referencia a nosa lingua.

2. Grupos que poden participar.

- Poden participar todos aqueles grupos nos que, polo menos, un dos compoñentes estea vencellado a un centro de secundaria, bacharelato ou ciclos formativos da comarca de Ferrolterra.
- grupo musical só poderá presentarse representando a un centro de secundaria, bacharelato ou ciclos.
- Só pode presentarse un grupo por centro.

3. Forma de participar.

Cumprimentando o formulario online que acompaña estas bases e que tamén se pode atopar na páxina web da Coordinadora en <https://mocidade.coordenadora.gal/>

O prazo para apuntarse este ano remata o 17 de febreiro.

4. Aspectos técnicos e aportes por parte de organización.

Os aspectos técnicos precisos para o desenvolvemento da actuación deberá especificalos cada grupo no formulario nomeado anteriormente.

5. Requisitos.

Cada grupo de componse de dous temas:

- A composición musical deberá ser orixinal en ambos temas.
As letras dos temas:
- Un é de tema libre e deberá ser de autoría propia.
- outro tema deberá ser de autor ou autora recoñecidos e deberá indicarse.

As letras das cancións deberán ser en lingua galega



6. **Agasallo por ter participado.**

Cada grupo recibirá:


- Un ou varios discos gravados do seu paso polo escenario
- último traballo do grupo profesional convidado
- No caso de, por forza maior, suspenderse o festival o disco gravarase igual pero en estudo de gravación.

7. **Asistir como público.**

Nunha segunda fase, unha vez seleccionados os grupos profesional e noveis, contactaremos de novo con todos os centros da comarca que desexen asistir como público ao Festival.

Tendo en conta que o número de prazas é limitado, a CNLCA procurará que haxa presenza de todos os centros.

Os centros tamén recibirán agasallo en formato físico de audio.



*1000 PRIMAVERAS MÁIS PARA A NOSA LINGUA!
COORDENADORA DE EQUIPAS DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA DE FERROLTERRA.*

cequipnormalizacion@gmail.com

coordenadora.gal